

A CIG-Ensino chama á unidade de acción de todo o persoal traballador nos sectores de discapacidade, menores e primeiro ciclo de infantil

A CIG defende historicamente a dignidade do persoal traballador e un marco galego de negociación: non acepta leccións de quen renuncia a mobilizarse e pacta con patronal e administración contra os intereses da parte social. Sobra quen poña paus nas rodas.

Esta constancia e coherencia na defensa dos dereitos das persoas traballadoras galegas, sen «venderse» na negociación colectiva, respectando o asemblearismo e as súas decisións desde posicións reivindicativas e combativas, levou á CIG-Ensino a ser maioritaria na representación sindical para, desde esa posición, comezar un proceso de loita polos convenios galegos nos sectores da Atención á Discapacidade, Atención á Infancia 0-3 e a Protección e Reforma de Menores.

No sector da discapacidade, onde a CIG-Ensino foi sempre maioritaria, son moitas as mobilizacións e campañas de recollida de sinaturas «**Polas melloras laborais, sociais e salariais: convenio galego xa!**» sempre en solitario e co rexeitamento das demais organizacións sindicais, pero con apoios de máis do 60% do persoal traballador. No sector de menores comezouse esta campaña unha vez acadada a maioría sindical en 2023, sendo a participación na campaña unha esixencia da nova representación sindical; nela acadouse un apoio de case o 60% do persoal traballador e realizáronse varias mobilizacións. Chamouse para a campaña ás organizacións estatais para lograr a unidade de acción sindical, recibindo unha clara e rotunda negativa a participar e a súa aposta por un marco estatal. Neste 2025, logo de se converter en maioritaria en Infantil a CIG-Ensino, pasou outro tanto cos sindicatos estatais, coa mesma campaña feita no sector Infantil 0-3, cun apoio do persoal traballador de máis do 50% e cunha concentración na Xunta para a entrega de máis de 1.000 sinaturas dun colectivo dunhas 2.000 traballadoras.



Convenios galegos XA!

SALARIOS DIGNOS
MÁIS RECURSOS
REDUCIR RATIOS
MELLORAS LABORAIS
MELLOR SERVIZO
MAIORES ORZAMENTOS

Manifestación en Compostela
25 de outubro ás 12:00 h desde a Alameda

Folga e Manifestación
en Compostela, na Xunta,
ás 12h o 6 de novembro

Pregunta no teu local da CIG polo servizo de autobuses

#ConvenioGalegoMenoresXa
#ConvenioGalegoDiscapacidadeXa
#ConvenioGalegoInfantilO-3Xa

Con este mesmo traballo e resultados nos 3 sectores de Atención ás Persoas (coincidentes na precariedade laboral e salarial nos seus convenios estatais) os delegados/as da CIG-Ensino decidiron por unanimidade en asemblea (máis de 130 en total) loitar xuntos/as para ter mais capacidade de mobilización, visualizarse máis e lograr a unidade de acción sindical que cos demais fora imposíbel.

Deste xeito, a CIG-Ensino, xustifica o seu traballo en base aos seguintes feitos:

- A convocatoria de folga e manifestacións, meditada en asemblea de delegados/as, parte dunha análise seria da realidade destes sectores, onde os convenios estatais supoñen condicións laborais e salariais indignas e discriminatorias. Destes convenios estatais a Consellaría de Política Social vóllese para facer máis con menos, e incluso non os cumpre ao ter conxelados os módulos ás Asociacións este ano 2025, véndose estas obrigadas a facer fronte ás novas táboas salariais sen capacidade financeira e abocadas a aplicar no futuro cláusulas de descolgue, ERTE's ou a desaparecer por peche de funcións ao non poder pagar os salarios. Mentres outros sindicatos non están, a CIG aposta pola creación de marcos propios galegos de negociación colectiva, que respondan á realidade dos centros de traballo, á estrutura económica do noso país e ás reivindicacións do persoal traballador galego, apuntando cara a responsábel, Fabiola García, que está ausente, e a Xunta de Galiza do presidente Rueda, que o permite cando as competencias están todas transferidas aquí.

Todos e todas sabemos que a folga é a gran ferramenta lexítima da clase traballadora, a máis contundente. O verdadeiro engano é facerlle crer ao persoal que sen mobilización se pode avanzar, cando a experiencia demostra que sen presión non hai negociación real nin avances significativos. A historia sindical demostra que só con loita se arrincan dereitos.

- A CIG-Ensino convocou as mobilizacións e a folga tras moitos meses de inmovilismo, tanto por parte da administración como das patronais e ante a pasividade dos sindicatos estatais, que nin propuxeron alternativas nin amosaron vontade de confluír nunha estratexia común, como xustifican os feitos acontecidos. Esta decisión parte da responsabilidade do maioritario e da súa Representación Legal dos/as Traballadores/as.

- A unidade sindical claro que é básica e desexábel, pero como un medio cunha finalidade e non un fin sen máis. Non aceptamos empregar a unidade como escusa para paralizar a loita, só para sumar forza e avanzar en dereitos. A verdadeira responsabilidade sindical é organizar o descontento e canalizar a forza do persoal traballador, convocar folga cando sexa necesario e non quedar parados/as agardando que as cousas muden soas.
- A CIG-Ensino ten claro que Galiza precisa de marcos propios de negociación para que deixen de decidir por nós, e mal, en Madrid. Actuará sempre en beneficio de toda a clase traballadora galega, neste caso da dos sectores de Atención á Discapacidade, a Menores e á Infancia, traballando na defensa dos seus dereitos laborais e salariais, da súa dignidade e da súa capacidade para decidir sobre as súas condicións de vida e traballo. As mobilizacións propostas responden ás demandas de todos e todas, incluso de quen ten convenios propios de empresa (en discapacidade Aspronaga, Apem, Aspaneps, Adcor...; en menores: Camiña Social, Trama, Aldeas infantís Sos Galiza,...) porque as melloras acadadas nos convenios galegos tamén se reflectirán no seu.

Con estas premisas, a CIG-Ensino chama a participar a todo o persoal traballador dos tres sectores de atención ás persoas na manifestación do 25-O e a secundar a xornada de folga legal do 6-N. Nestes termos, tamén poden participar todas as organizacións sindicais e sociais que queiran, e aquelas que chamaron á unidade sindical teñen as portas abertas e serán benvidas.

A manifestación do sábado 25 de outubro sairá ás 12 da Alameda en Compostela e haberá servizo de buses a disposición das persoas interesadas. A do xoves, 6 de novembro, tamén se celebrará a partir das 12 do mediodía e consistirá en rodear San Caetano para visibilizar a precariedade que sofre este persoal diante da Consellaría de Política Social que ten as competencias na xestión destes tres servizos.